Federación de Asociacións de Familiares e Persoas
con Enfermidade Mental de Galicia

MEMORIA ANUAL 2020

SAÚDE MENTAL
FEAFES GALICIA
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA

Índice

Presentación..... 5
Saúde mental..... 6
- Situación xeral..... 6
- Situación en Galicia..... 7

Saúde Mental FEAFES Galicia..... 8
- Que somos?..... 8
- Quen somos?..... 9
- Que facemos?..... 10

Asociacións..... 12
- Onde estamos?..... 12
- Recursos..... 13
- Programas autonómicos..... 14

COVID-19..... 16
Servizos..... 20
- Información, asesoramento e apoio..... 20
- Inserción laboral e emprego..... 22
- Acción social..... 24
- Lecer e deportes..... 26
- Comunicación..... 28
- Apoio ao movemento asociativo..... 30
- Incidencia política e diálogo civil..... 32

Resumo de resultados..... 34
Memoria económica..... 35
Financiadores e colaboradores..... 36

Edición:
Saúde Mental FEAFES Galicia

Deseño e maquetación:
Servizo de Comunicación de Saúde Mental FEAFES Galicia

Fotografía da portada:
“Sen cita previa”, de Yolanda Castro Fernández
Gañadora do 1º premio do I Concurso de Fotografía “Máis alá do confinamento”

Esta obra está baixo unha licenza de **Creative Commons Recoñecemento-NonComercial 4.0 Internacional**.
Permítese a xeración de obras derivadas sempre que non se faga un uso comercial.
Tampouco se pode utilizar a obra orixinal con finalidades comerciais.



Debuxo de Maribel Bujía, da asociación Alba (Pontevedra)

Presentación

Saúdo do presidente

Á hora de abordar a memoria dun ano tan diferente como foi o 2020, faise especialmente difícil introducir todo o que estes meses supuxeron para nós. A nosa vida cotiá mudou como nunca pensamos que podería facelo, convertendo en realidade a ficción das películas de desastres. De repente ficamos vulnerables como persoas e como sociedade ante una pandemia devastadora que parou literalmente a un mundo afeito a moverse a un ritmo vertixinoso.

Nós, como organización responsable dunha gran cantidade de servizos dirixidos a un colectivo xa de por si moi vulnerable, tivemos que afrontar un reto enorme: manter en todo momento o contacto coa nosa xente e non perder a continuidade dos apoios e coidados, fose cal fose a situación.

Nunca, nos nosos 25 anos de historia, traballamos tanto. En poucos días logramos organizar toda una serie de actividades orientadas a cubrir as necesidades que xurdían en cada momento, no medio do que sempre recordaremos como días intensos de directrices, normas legais e regulacións cambiantes e, en moitas ocasións, caóticas.

Foron días e meses de cambio constante, de ritmo frenético e de innovación continua para responder ás necesidades que xurdían da mañá para a tarde e dun día para outro.

Pero fixemos un traballo extraordinario. E sobre todo aprendemos, aprendemos moito e moi rápido.

Aprendemos que as persoas con enfermidade mental persistente son moito máis resistentes do que pensabamos.

Aprendemos que o apoio ás familias é o pilar da estabilidade, e que a quebra dos coidados é o risco máis temido.

Aprendemos que actividades que non ocupaban un primeiro plano, como as de ocio e tempo libre, resultaron ser ferramentas moi útiles e eficaces.

Aprendemos que debemos asegurarnos de que as necesidades básicas das persoas están cubertas, e nunca dalas por resoltas.

Aprendemos a confiar na capacidade das persoas do colectivo en responder de xeito imaxinativo para afrontar o seu día a día.

Aprendemos a traballar en rede e a comunicarnos a través dela. E no traballo colectivo, aprendemos a coñecernos mellor e a actuar en equipo.

No 2020 logramos manter o noso traballo non só no marco asistencial, senón que tamén participamos activamente no proceso de elaboración do Plan Galego de Saúde Mental, deixando a nosa pegada na regulación e financiamento do espazo sociosanitario e na necesaria colaboración entre distintos estamentos de diferentes Consellerías para avanzar nunha visión integral da saúde mental. Colaboramos co CERMI Galicia, con EAPN-Galicia e coa Confederación Salud Mental España.

Traballamos intensamente coa rede de Servizos Sociais no ámbito dos concellos, onde as traballadoras sociais fixeron una tarefa inmensa que quero agradecer especialmente.

As asociacións non só foron o motor que transmitiu a enerxía necesaria para que todo funcionase, senón que fixeron un traballo extraordinariamente eficaz na contención da pandemia, especialmente nas residencias, onde a ameaza era potencialmente demoledora. Neste eido, o éxito foi absoluto.

Quero dar as grazas a todo o persoal traballador da federación e das asociacións, así como aos compañeiros e compañeiras da Xunta Directiva, que dende o minuto un, traballaron sen descanso para reducir todo o posible o impacto da pandemia e combinaron este esforzo co apoio e seguimento o máis próximo posible ás persoas usuarias.

En definitiva, o 2020 foi un ano distinto que nos fixo madurar como organización, cohesionarnos, compartir experiencias e aprender da realidade do colectivo, das súas necesidades e inquedanzas.

Por todo iso, grazas a todas e a todos.

Xosé Ramón Girón García
Presidente de Saúde Mental FEAFES Galicia

Saúde mental
Información xeral

Que son os problemas de saúde mental?

Segundo a Organización Mundial da Saúde, “a saúde é un estado de plenitude física, mental e benestar social, non soamente a ausencia de enfermidades”. É importante saber que a saúde mental pode estar afectada por factores socioeconómicos, emocionais e físicos que poden influír negativamente no benestar xeral da persoa.

Cando falamos dun problema de saúde mental, referímonos a unha serie de alteracións de tipo emocional, cognitivo ou do comportamento nas que quedan afectados procesos psicolóxicos básicos como as emocións, a percepción ou a motivación. Entre os máis frecuentes atópanse, por exemplo, a esquizofrenia, o trastorno bipolar, os trastornos depresivos ou os trastornos da personalidade.

Como detectalos?

A manifestación destas doenzas é diferente en cada persoa, aínda que poden darse unha serie de síntomas comúns: anomalías na forma de transmitir os sentimentos, dificultade para comunicarse, cambios na conduta, anomalías na forma de pensar e na conciencia da realidade, etc.

Como afrontalos?

As persoas con problemas de saúde mental poden recuperarse e minimizar os seus síntomas. Os tratamentos son distintos en cada caso e deséñanse intervencións personalizadas para cada persoa. A maioría delas son tratadas no ámbito comunitario e acostuman integrarse na sociedade con normalidade.

A canta xente afectan?

A OMS calcula que unha de cada catro persoas terá un problema de saúde mental ao longo da súa vida. En Galicia, estímase que lle sucederá ao 21,6% da poboación.

Arredor do 26% das persoas sen fogar teñen un trastorno mental grave.

A incidencia dos problemas de saúde mental nos centros penais triplica os indicadores da poboación xeral.

As familias e persoas coidadoras informais asumen o 88% da atención ás persoas con problemas de saúde mental.

Só o 15% das persoas con problemas de saúde mental teñen emprego e case a metade delas sufriron discriminación laboral.

Saúde mental
Situación en Galicia

Incidencia en galicia

Afectación por provincias



Afectación por idade



Afectación por diagnóstico



Afectación por xénero



Causas de discapacidade



FONTE: Datos extraídos do censo da Consellería de Política Social do 2020

FEAFES Galicia

Que somos?

Que somos?

Saúde Mental FEAFES Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro creada en 1995 e que no 2020 agrupa a 15 asociacións con presenza en máis de 30 localidades galegas.

A quen nos diriximos?

O noso traballo vai dirixido ás persoas con problemas de saúde mental, ás súas familias e persoas achegadas, ao persoal profesional relacionado coa saúde mental e á sociedade en xeral.

A nosa misión

A misión de Saúde Mental FEAFES Galicia é mellorar a calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental, das súas familias e das persoas achegadas. Para iso, representamos ao movemento asociativo en Galicia, defendemos os dereitos do colectivo e brindamos apoio e coordinación ás asociacións federadas.

Os nosos obxectivos

- Defender os dereitos e necesidades das persoas con problemas de saúde mental, das súas familias e persoas achegadas.
- Ofrecer servizos para mellorar a calidade de vida destas persoas.
- Asesorar e representar ao movemento asociativo.
- Deseñar e levar a cabo campañas de loita contra o estigma e accións de sensibilización sobre a saúde mental.

Traballo en rede

Para abordar todas as facetas da atención ás persoas con problemas de saúde mental e as súas familias, levamos a cabo un traballo multidisciplinar e coordinado con diferentes entidades do ámbito sociosanitario.

Recoñecemento público

Saúde Mental FEAFES Galicia aposta por implementar procesos de calidade e mellorar a súa atención ás persoas usuarias. Neste senso, somos unha entidade declarada de Utilidade Pública pola Orde 3 de xuño de 2010. No ano 2013, recibimos a certificación oficial que acredita á entidade como Axencia de Colocación; e dende 2014, as cinco delegacións de Saúde Mental FEAFES Galicia posúen a autorización para a prestación de servizos como Centro Sanitario.

FEAFES Galicia

Quen somos?

Equipo técnico



Xunta Directiva 2020

Presidente
Xosé Ramón Girón García
Asociación A Creba

Vicepresidente
Manuel Fernández Prado
Asociación Alume

Secretaria
Mª del Mar Piñeiro Sobrido
Asociación Fonte da Virxe

Tesoureiro
Félix Pena Calvo
Asociación Saúde Mental Ferrol

Vogais
Mª Ángeles Fernández Araújo. Asociación Morea
Mª Cristina Martín Fraguerio. Asociación Lenda
Leopoldo Robla Álvarez. Asociación DOA
Carmen Blanco González. Asociación Alba
José Treviño García. Asociación Lar
Jorge Manchado Rivero. Asociación A Mariña
Delia Guitián Rodríguez. Asociación Albores
José María Regueiro Otero. Asociación Avelaíña
Juan Eduardo Mosquera Vidal. Asociación Andaina
Antonia Mª Eugenia Pérez Amieiro. Asociación APEM
Elena Rodríguez Seoane. Asociación ASPANEPS

FEAFES Galicia
Que facemos?

Información, asesoramento e apoio

Saúde Mental FEAFES Galicia proporciona, tanto ás persoas con problemas de saúde mental como ás súas familias e persoas achegadas, información e asesoramento individualizado sobre saúde mental, recursos e servizos que lles poidan resultar de utilidade.

Contamos ademais cun servizo gratuíto de asesoría xurídica para persoas con problemas de saúde mental, persoas achegadas, asociacións e profesionais que precisen orientación sobre pensións, incapacitacións, herdanzas, problemas penais ou laborais, etc.

Inserción laboral e emprego

Contamos co Observatorio de Emprego para Persoas con Enfermidade Mental (OEDEM), que pretende facilitar a inserción laboral do colectivo mediante accións de información, orientación, formación, intermediación laboral coas empresas e apoio para a consecución e o mantemento do posto de traballo.

Acción social

Atendemos ás persoas con problemas de saúde mental en situación de especial vulnerabilidade social, económica ou material. Traballamos na súa contorna realizando unha intervención específica e particular.

Lecer e Deportes

As persoas que participan nas actividades de lecer e deportes que ofrece Saúde Mental FEAFES Galicia realizan actividade física dende unha perspectiva lúdica, rompen coa rutina diaria, socializan, enriquécense culturalmente e intégranse na sociedade. Á súa vez, estas actividades permiten que as familias e persoas achegadas teñan un respiro nas súas tarefas de coidados.

Comunicación

Saúde Mental FEAFES Galicia preocúpase por difundir entre a sociedade unha imaxe real e integradora das persoas con problemas de saúde mental. Para iso, estamos en contacto cos medios de comunicación, elaboramos publicacións, material divulgativo e realizamos campañas de sensibilización.

Apoio ao movemento asociativo

A misión de Saúde Mental FEAFES Galicia inclúe a representación das asociacións que integran a federación galega. Mediante a unión, logramos máis forza para facer chegar as nosas mensaxes ás institucións e á sociedade.



Onde estamos?

Asociacións A Coruña

Saúde Mental Ferrol - Narón	981 388 992
Saúde Mental Ferrol - Cerdido	981 388 992
ASPANEPS - Ferrol	981 300 370
ASPANEPS - Fene	981 343 001
Apem - Coruña (Los Chopos)	981 132 218
Apem - Coruña (Sagrada Familia)	981 924 004
Apem - Coruña (Kerámikos)	981 918 289
Apem - Betanzos	981 773 047
Apem - Culleredo	981 652 082
Apem - Carballo	981 757 177
Apem - Cee	981 747 255
Apem - Vimianzo	698 184 307
Fonte da Virxe - Santiago	981 884 239
A Creba - Noia	981 824 921
A Creba - Ribeira	981 107 013
Andaina - Dodro	981 802 078
Andaina - Ordes	981 076 405

Asociacións Ourense

Morea - Ourense	988 237 454
Morea - Verín	988 412 557
Morea - O Barco de Valdeorras	988 320 934

Asociacións Lugo

Albores - Monforte	982 404 968
Albores - Chantada	982 454 158
Alume - Lugo	982 251 602
Alume - Guitiriz	982 370 140
A Mariña - Burela	982 581 620
A Mariña - Ribadeo	982 130 014
A Mariña - Cervo	982 557 692

Asociacións Pontevedra

Lar - Vilagarcía	986 502 571
Alba - Pontevedra	986 859 368
Lenda - Redondela	986 404 200
Doa - Vigo (Romil)	986 483 208
Doa - Vigo (Pi y Margall)	981 243 911
Doa - Cangas	986 304 015
Avelaíña - A Guarda	986 610 021
Avelaíña - Baiona	986 389 233
Avelaíña - Ponteareas	986 610 021
Avelaíña - A Cañiza	986 610 021
Morea - Lalín	986 781 460



Recursos

Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral

Prestan unha atención diúrna, global e multidisciplinar ás persoas con enfermidade mental crónica. Manteñen ás persoas usuarias no seu ámbito, promovendo e apoiando a súa interacción psicosocial para que desenvolvan unha maior autonomía.

Vivenda e servizos residenciais

Para as persoas con problemas de saúde mental que non poden convivir coas súas familias ou de maneira independente, contamos con dúas alternativas de vivenda protexida onde están atendidas por persoal especializado: os pisos tutelados e as minirresidencias.

Centros Ocupacionais

Trátase dun servizo social que pretende lograr, dentro das posibilidades de cada persoa, a superación dos obstáculos que poidan atopar no seu camiño cara a integración social e laboral.

Centros Especiais de Emprego

Son empresas onde as persoas con problemas de saúde mental teñen un emprego produtivo e remunerado, axeitado ás súas características persoais e que facilita a súa integración laboral no mercado ordinario de traballo.

Centros de Día

Favorecen a estruturación da vida cotiá, ofrecen soporte social e prestan unha atención rehabilitadora ás persoas usuarias a través de actividades culturais, sociais, deportivas, de lecer, etc.

	Centro de Rehabilitación	Piso tutelado	Minirresidencia	Centro Ocupacional	Centro Especial de Emprego	Centro de Día
	Nº de prazas					
A Coruña						
APEM - Betanzos	15	-	-	-	-	-
APEM - Cambre	-	5	-	-	50	-
APEM - Culleredo	20	-	-	-	-	-
APEM - Carballo	40	5	-	-	-	15
APEM - Cee	20	5	25	-	-	-
APEM - A Coruña	80	29	-	-	-	-
APEM - Vimianzo	15	-	-	-	-	-
S.M. Ferrol - Narón	55	16	-	8	-	-
S.M. Ferrol - Cerdido	15	-	-	-	-	-
Fonte da Virxe - Santiago	50	4	-	8	-	-
Andaina - Dodro	15	-	-	-	5	-
Andaina - Ordes	15	4	-	-	-	-
A Creba - Noia	40	20	-	8	-	-
A Creba - Ribeira	20	-	-	-	-	-
Lugo						
Alume - Lugo	65	17	-	-	-	-
Alume - Guitiriz	15	-	-	-	-	-
A Mariña - Burela	25	5	-	-	-	-
A Mariña - Cervo	-	-	25	-	-	-
A Mariña - Ribadeo	20	-	-	-	-	-
Albores - Chantada	15	-	-	-	-	-
Albores - Monforte	25	4	-	-	-	-
Ourense						
Morea - Ourense	50	10	20	-	-	-
Morea - O Barco	20	-	-	-	-	-
Morea - Verín	20	-	-	-	-	-
Pontevedra						
Lar - Vilagarcía	55	-	-	-	-	-
Alba - Pontevedra	50	30	-	-	-	-
DOA - Vigo	64	34	-	-	-	-
DOA - Cangas	25	-	-	-	-	-
Avelaíña - A Guarda	30	4	-	-	-	-
Avelaíña - Baiona	25	-	-	-	-	-
Lenda - Redondela	45	-	-	9	-	-
Morea - Lalín	15	-	-	-	-	-
Total Galicia	964	192	70	33	55	15

Atención a Persoas con Enfermidade Mental en Galicia

Permite que as asociacións poidan desenvolver os seus servizos de información e asesoramento, así como os de atención a domicilio.

Executan: A Creba, Alba, Alume, A Mariña, Andaina, APEM, Avelaíña, Doa, Fonte da Virxe e Lenda

1.441 PERSOAS BENEFICIARIAS

Apoio Comunitario no Medio Rural

Pretende fortalecer o enfoque comunitario da intervención sobre a saúde mental na contorna rural, promovendo a autonomía persoal a través dun servizo de proximidade.

Executan: Alume, A Mariña, Andaina, Avelaíña e Fonte da Virxe

130 PERSOAS BENEFICIARIAS

Próxima e emociona

Contribúe á intervención comunitaria e de proximidade no traballo en saúde mental.

Executan: Alba, Alume, A Mariña, Andaina, Avelaíña, Fonte da Virxe e Saúde Mental Ferrol

172 PERSOAS BENEFICIARIAS

Investimentos

Permite mellorar as infraestruturas e servizos das entidades no contexto da COVID-19.

Executan: A Creba, A Mariña, APEM, Avelaíña, DOA, Lenda e Saúde Mental Ferrol

Respira Saúde Mental

Aténdense situacións de emerxencia e demandas de respiro para familiares de persoas con problemas de saúde mental.

Executan: A Creba, Alba, Albores, A Mariña, Andaina, APEM, Avelaíña, DOA, Fonte da Virxe, Morea, Lenda e Saúde Mental Ferrol

175 PERSOAS BENEFICIARIAS

Previr Saúde Mental

Ofrece atención temperá a persoas mozas con problemas de saúde mental para reducir factores de risco e fortalecer factores de protección.

Executan: Alba e DOA

10 PERSOAS BENEFICIARIAS

Inviste Saúde Mental

Permite mellorar as instalacións e equipamentos das entidades.

Executan: Alba e APEM

Asociacións 2020
Programas autonómicos

Programas a cargo do IRPF

Acompaña Saúde Mental

Facilítanse os apoios necesarios para a recuperación e integración das persoas con problemas de saúde mental, do mesmo xeito que se favorece o seu acceso aos recursos sociocomunitarios necesarios.

Executan: A Creba, Alba, Albores, Alume, A Mariña, Andaina, Avelaíña, APEM, DOA, Fonte da Virxe, Lar, Lenda, Morea e Saúde Mental Ferrol

127 PERSOAS BENEFICIARIAS

Capacita Saúde Mental

Permite que as familias e persoas achegadas adquiran coñecementos sobre os problemas de saúde mental e o seu tratamento.

Executan: A Creba, Alume, Albores, A Mariña, Andaina, APEM, Avelaíña, DOA, Fonte da Virxe, Morea, Lar, Lenda e Saúde Mental Ferrol

188 PERSOAS BENEFICIARIAS

Volunta Saúde Mental

Favorece a adquisición de coñecementos e habilidades para o traballo voluntario con persoas con problemas de saúde mental.

Executan: A Mariña, Avelaíña, DOA, Fonte da Virxe, Lar e Morea

52 PERSOAS VOLUNTARIAS

Achega Saúde Mental

Trabállase na contorna das persoas usuarias a través de unidades de apoio comunitario, atención nas unidades de convivencia e coordinación cos servizos sociosanitarios e comunitarios.

Executan: Avelaíña e DOA

247 PERSOAS BENEFICIARIAS

Inclúe Emprego Saúde Mental

Bríndase apoio á inclusión sociolaboral, incrementando a taxa de emprego das persoas usuarias con problemas de saúde mental.

Executan: Albores e Saúde Mental Ferrol

19 PERSOAS BENEFICIARIAS

PSH Inclusión Saúde Mental

Apóiase ás persoas usuarias na incorporación a diferentes alternativas de vivenda e na atención ás necesidades básicas.

Executa: Alume

8 PERSOAS BENEFICIARIAS

Incorpora Social Saúde Mental

Supón un apoio no proceso de reincorporación social das persoas con problemas de saúde mental que pasaron por situacións penais.

Executan: Lenda e Saúde Mental Ferrol

12 PERSOAS BENEFICIARIAS

Reaccionamos ante a irrupción da COVID-19

Tras a declaración do **estado de alarma,** o 14 de marzo de 2020, Saúde Mental FEAFES Galicia pechou todos os seus centros (agás os pisos protexidos e as residencias) e deixou de prestar atención presencial de xeito regular. Realizáronse axustes organizativos e adaptáronse as metodoloxías de traballo á nova situación. O traballo de contención das entidades e das persoas traballadoras para evitar situacións de crise durante o confinamento foi exemplar.

Adaptamos o noso xeito de traballar

Durante o confinamento e os meses máis duros da pandemia, respectando rigorosamente as medidas de seguridade e atendendo ás necesidades específicas das persoas coas que traballamos, establecimos os seguintes eixos fundamentais de actuación:

- Atención telemática continuada.
- Acompañamentos, visitas e seguimentos presenciais nos casos máis complexos e urxentes.
- Aplicación de protocolos, restricións e medidas de prevención nos recursos residenciais.
- Coordinación cos servizos sociais, sanitarios e de seguridade en cada territorio.

Editamos material informativo

Entre os meses de marzo e xuño, elaboramos semanalmente un **Boletín Especial COVID-19**, do cal se enviaron un total de 14 entregas a 114 persoas destinatarias. Este boletín incluía todas as medidas ditadas polos gobernos central e autonómico no marco da crise sanitaria da COVID-19, así como outros materiais de interese.

Ademais, neste período, a Federación elaborou as seguintes **guías informativas** para as persoas usuarias e para toda a poboación interesada:

- "Propostas de ocio en corentena"
- "Coida a túa saúde mental durante o confinamento"
- "Como afrontar a busca de emprego durante a crise provocada pola COVID-19"
- "Medidas xurídicas adoptadas polo Goberno como consecuencia da COVID-19"
- "Como abordar o desconfinamento"



COVID-19
A resposta ante a pandemia

Atención prestada polas delegacións

do 13 de marzo ao 30 de abril

ÁREA DE EMPREGO

1.734 actuacións

Consultas sobre ERTES, envío de material para manter a busca de emprego, envío de ofertas de traballo, etc.

ÁREA DE SAÚDE

1.273 actuacións

Apoio emocional, atención psicolóxica, intervención en situacións de crise ou descompensación, psicoeducación, etc.

ÁREA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

914 actuacións

Asesoramento sobre accións de emprego e formación, recursos de saúde, familia, prestacións, medicación, etc.

ÁREA DE LECER E DEPORTES

886 actuacións

Organización de actividades por vías telemáticas e oferta de recursos de lecer para realizar dende a casa

ÁREA DE ATENCIÓN SOCIAL

544 actuacións

Apoio na xestión de recursos, visitas a domicilio, apoio para realizar a compra, acompañamentos ao médico, etc.

ÁREA DE ASESORÍA XURÍDICA

35 actuacións

Resolución de dúbidas de carácter xurídico ou legal

TOTAL DE ACCIÓNS REALIZADAS

5.863 accións

TOTAL DE PERSOAS ATENDIDAS

1.198 persoas

- Vigo
- A Coruña
- Lugo
- Santiago
- Ourense

Atención prestada polas asociacións

do 13 de marzo ao 30 de abril

APOIO, SEGUIMENTO E INFORMACIÓN TELEFÓNICA OU TELEMÁTICA

22.676 accións

En ocasións, as intervencións foron de máis dunha hora de duración

SEGUIMENTOS PRESENCIAIS EN DOMICILIOS E PISOS PROTEXIDOS

2.504 visitas

Incrementáronse paulatinamente a medida que avanzou o confinamento

RESPOSTAS A CHAMADAS DE PERSOAS USUARIAS OU FAMILIARES

1.369 respostas

Contactos iniciados polas persoas a causa das súas necesidades

ACOMPAÑAMENTOS EN XESTIÓNS NO EXTERIOR

1.024 saídas

Médico, farmacia, compras, saídas terapéuticas, toma de medicación, etc.

INGRESOS POR MOTIVOS PSIQUIÁTRICOS

10 ingresos

Cifra moi baixa grazas ao importante labor de contención realizado

TOTAL DE PERSOAS ATENDIDAS

5.371 persoas

Do desconcerto ao esgotamento: unhas necesidades que foron mudando

A atención ás persoas usuarias por parte das asociacións foi mudando cualitativamente durante o confinamento: se ben inicialmente realizouse un traballo fundamentalmente informativo e de reacción ante o desconcerto, facilitando consellos e pautas sobre como abordar o confinamento do mellor xeito posible, co paso das semanas comezaron a xurdir síntomas de cansanzo e esgotamento tanto por parte das persoas usuarias como das familias. Non obstante, a pesar das dificultades, as situacións de crise e desbordamento foron pouco frecuentes.

COVID-19
A resposta ante a pandemia

Datos globais delegacións+asociacións

do 13 de marzo ao 30 de abril

CHAMADAS REALIZADAS

26.223 chamadas

CHAMADAS ATENDIDAS

1.496 chamadas

SEGUIMENTOS PRESENCIAIS EN DOMICILIOS E PISOS

2.506 visitas

ACOMPAÑAMENTOS PRESENCIAIS

1.126 saídas

INCIDENCIAS ATENDIDAS

196 incidencias

TOTAL DE PERSOAS ATENDIDAS

6.569 persoas

Que nos ensinou a pandemia?

1. As persoas usuarias dos nosos servizos son **máis resilientes do que pensamos**.
2. Moitas das **consecuencias deste confinamento veranse dentro dun tempo**, ante o que os nosos servizos deberán estar alerta e preparados.
3. Constatamos a **fraxilidade de moitas situacións no ámbito socio-familiar**, onde faltan ferramentas e recursos básicos.
4. A meirande parte dos nosos recursos, persoas usuarias e familias **non están tecnoloxicamente preparadas**.
5. Como entidades, amosamos unha **capacidade de resposta máis alta** do que poderiamos esperar.
6. Os r**ecursos, ferramentas e dispositivos existentes no eido da saúde mental son claramente insuficientes**.
7. A abordaxe desta situación no **ámbito rural foi especialmente complexa**.

INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E APOIO

Saúde Mental FEAFES Galicia proporciona ás persoas con problemas de saúde mental e ás súas familias asesoramento sobre saúde mental, recursos e servizos que lles poden resultar de utilidade, ofrecendo unha atención individualizada por parte dos e das profesionais.

Información e asesoramento

Ofrecemos información, apoio e asesoramento sobre saúde mental

Brindamos asesoramento e apoio personalizado a persoas con problemas de saúde mental, persoas achegadas e profesionais, aportando información xeral de interese e realizando accións de seguimento en cada caso.

Orientamos e asesoramos sobre temas legais

O **Servizo de Asesoría Xurídica** é de carácter gratuíto e está destinado a persoas que precisen orientación en asuntos legais relacionados coa saúde mental: pensións, incapacitacións, herdanzas, problemas laborais, etc.

Contamos coa liña gratuíta 900 102 661

Este número está a disposición da cidadanía para ofrecer información e asesoramento sobre saúde mental. En moitos casos, este primeiro contacto telefónico constitúe o punto de inicio dunha intervención posterior.

Coordinámonos con outras organizacións e servizos

Para o correcto seguimento e avaliación do traballo que realizamos coas persoas usuarias, mantemos unha comunicación continua con todo o persoal profesional e axentes implicados. No noso modelo de atención integral centrado nas persoas, o traballo en rede é fundamental.

Realizamos intervención temperá

Atendemos a persoas con problemas de saúde mental de recente diagnóstico e a súa contorna. Axudámoslles a manexar as dificultades derivadas da nova situación mediante asesoramento, apoio emocional, información sobre saúde mental e achegamento a outros recursos.

Ofrecemos atención integral a mulleres

A través do **Programa de Atención Integral a Mulleres con Enfermidade Mental en Situación de Vulnerabilidade**, buscamos a mellora da calidade de vida destas mulleres e da súa contorna. Abordamos cuestións como a prevención de malos tratos, a sexualidade, a autoestima, a motivación para a busca de emprego ou a psicoeducación.

2.026 PERSOAS ATENDIDAS

223 PERSOAS ATENDIDAS POLA ASESORÍA XURÍDICA

1.630 CHAMADAS TELEFÓNICAS

169 PERSOAS ATENDIDAS NO PROGRAMA DE ATENCIÓN PRECOZ

50 MULLERES NO PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL

Inserción laboral e emprego

Orientamos ás persoas demandantes de emprego

Asesoramos e acompañamos ás persoas demandantes de emprego na busca de traballo, sendo elas quen define o seu itinerario de inserción en función das súas necesidades, demandas e capacidades.

Ofrecemos formación para o emprego

Facilitamos a mellora da cualificación profesional de cada persoa segundo as súas capacidades e vocacións, organizando para iso accións formativas e talleres prelaborais.

Achegámonos ás empresas

Visitamos distintas empresas para realizar accións de sensibilización e ofrecer información sobre bonificacións á contratación de persoas con discapacidade.

Xestionamos prácticas non laborais

Realízanse prácticas en empresas ordinarias para aumentar a capacitación laboral das persoas usuarias e incrementar as súas posibilidades de inserción laboral posterior.

Facilitamos apoio no posto de traballo

Realizamos un acompañamento personalizado para cada persoa usuaria no seu proceso de inserción laboral e no posterior mantemento do posto de traballo.

1.261 PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO DE EMPREGO

202 PERSOAS FORMADAS

215 EMPRESAS VISITADAS

19 PERSOAS REALIZARON PRÁCTICAS NON LABORAIS

434 PERSOAS CONTRATADAS

685 CONTRATOS LABORAIS

Inserción laboral e emprego

Somos centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia e Axencia de Colocación co número 1200000022. Grazas á Xunta de Galicia, desenvolvemos o Programa Integrado de Emprego de Saúde Mental FEAFES Galicia 2020/2021; o programa Emprego con Apoio; o programa Posta a Punto para o Emprego; o programa Emprega Discapacidade e Exclusión; e o programa De Par en Par. Ademais, levamos a cabo o programa Incorpora e o Punto de Formación Incorpora de "la Caixa"; o proxecto Practicum da Deputación de Pontevedra; e o programa Juntos Somos Capaces da Fundación Mapfre.

Acción social

Enfermidade mental e exclusión social son dúas realidades que a miúdo van da man. Para facer fronte á alta prevalencia de problemas de saúde mental que hai entre a poboación en severo risco de exclusión, Saúde Mental FEAFES Galicia incide no traballo de inclusión social a través de diversos proxectos.

Traballamos pola inclusión social

O **Proxecto de Inclusión Social** actúa contra as barreiras, a vulnerabilidade e o illamento social que sofren as persoas con problemas de saúde mental. Ten dúas liñas de actuación:

- Itinerarios personalizados de inclusión para persoas con problemas de saúde mental
- Itinerarios personalizados de inclusión para persoas sen fogar con problemas de saúde mental

Potenciamos as habilidades prelaborais

No **Proxecto de Habilidades Prelaborais** realízanse accións individuais e grupais nas que se traballan habilidades sociolaborais, hábitos da vida diaria, manexo das novas tecnoloxías ou psicoeducación, coa fin de facilitar a integración sociolaboral das persoas participantes.

Actuamos en centros penais

O **Programa de Atención Integral a Persoas con Enfermidade Mental,** que conta co apoio da Fundación Barrié, aplícase en todos os centros penais de Galicia a través das asociacións Alume (Bonxe e Monterroso), Morea (Pereiro de Aguiar), Lenda (A Lama e CIS Vigo) e APEM (Teixeiro e CIS Coruña). Búscase que as persoas internas con problemas de saúde mental coñezan e aprendan a manexar a súa patoloxía, buscando tamén a implicación das familias.

Traballamos polas persoas sen fogar na Coruña

A **Mesa de Persoas sen Fogar da Coruña** está formada polo Concello, profesionais do Complexo Hospitalario Universitario e nove entidades sociais. Coordina intervencións na rúa e nos diversos servizos das entidades para atender a persoas sen fogar con trastornos mentais graves, ademais de organizar accións formativas.

Atendemos a persoas en risco de exclusión en Santiago

No **Programa de Atención a Persoas en Risco de Exclusión en Santiago** atendemos de xeito individualizado as necesidades destas persoas, facilitándolles o acceso aos recursos necesarios e coordinándonos con outras entidades para ofrecer unha atención integral. No 2020, xestionamos dous pisos de transición nos que se aloxaron 7 persoas que vivían na rúa.

50 PERSOAS NO PROXECTO DE INCLUSIÓN SOCIAL

- Itinerarios para persoas con enfermidade mental: **20**
- Itinerarios para persoas sen fogar: **30**

37 PERSOAS NO PROXECTO DE HABILIDADES PRELABORAIS

147 PERSOAS ATENDIDAS EN CENTROS PENAIS

- Familias atendidas: **20**
- Internos de apoio becados: **44**
- Profesionais participantes: **38**

369 PERSOAS NO PROGRAMA DE EXCLUSIÓN EN SANTIAGO

Lecer e Deportes

As actividades para o desfrute do tempo libre organizadas por Saúde Mental FEAFES Galicia permiten mellorar a calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e facilitar a súa plena integración social. Deste xeito rompen coa rutina diaria, realizan actividade física, enriquécense culturalmente, socializan, adquiren autonomía e intégranse na sociedade. Á súa vez, as familias e persoas achegadas poden ter un respiro na súa tarefa de coidados, dispoñendo de máis tempo libre e mellorando o ambiente familiar.

Gozamos do tempo de lecer

Os **Clubs de Ocio** son un espazo moi demandado polas persoas usuarias de Saúde Mental FEAFES Galicia que queren mellorar a súa rede social e non acoden a outros recursos, pois lles permiten normalizar a súa vida realizando actividades de lecer con regularidade.

Estas actividades tamén aportan un beneficio para as familias e persoas achegadas, xa que poden gozar dun tempo de descanso nas súas tarefas de coidados.

Dende mediados de marzo ata principios de xuño, así como parte do mes de novembro, nos Clubs de Ocio traballouse de xeito telemático, propoñendo actividades a través da Internet. Así, realizáronse máis de 140 seguimentos telefónicos ou por videochamada, enviáronse máis de 300 mensaxes e atendéronse máis de 110 chamadas.

Facemos escapadas de media estancia

Contamos cunha **casa vacacional** en Sanxenxo onde se realizan estancias de fin de semana e de semana completa. Isto proporciona un respiro ás familias e ás persoas coidadoras, do mesmo xeito que fomenta a adquisición de habilidades da vida diaria por parte dos e das participantes. A casa vacacional permaneceu pechada nos meses de maior incidencia COVID, atendendo ás medidas de seguridade marcadas polas autoridades.

No 2020 puxemos en marcha o programa **De Casa en Casa** que tivo que ser suspendido tras a irrupción da COVID-19. Consiste en viaxes curtas a lugares de interese cultural, etnográfico ou natural aloxándose en casas de turismo rural.

Practicamos deporte para mellorar a saúde

Fomentamos a práctica de deporte entre as persoas con problemas de saúde mental coa fin de mellorar a súa forma física e fomentar a socialización. Realizáronse, entre outras, actividades de sendeirismo, escalada, baloncesto, tenis, tenis de mesa ou balompé.

Achegámonos á cultura e integrámonos na sociedade

Fomentamos un ocio inclusivo na comunidade aproveitando os recursos de cada zona e participando nos diferentes programas e actividades culturais como cinema, teatro, exposicións, concertos, festas tradicionais, etc.

418 PARTICIPANTES NOS CLUBS DE OCIO

37 ASISTENTES Á CASA VACACIONAL

5 PARTICIPANTES NO PROGRAMA DE CASA EN CASA

138 PARTICIPANTES NO PROGRAMA DEPORTE-SAÚDE

109 PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS

Comunicación

En Saúde Mental FEAFES Galicia traballamos a cotío para erradicar a visión errónea que existe sobre as persoas con problemas de saúde mental. Queremos mellorar a percepción social deste colectivo ofrecendo unha imaxe real e integradora. Para iso, elaboramos material divulgativo, deseñamos campañas de sensibilización e realizamos accións de loita contra o estigma.

Estamos en contacto cos medios de comunicación

Tratamos de difundir o noso traballo e reivindicacións a través dos medios de comunicación, informando das actividades que realizamos e comunicando o posicionamento do colectivo ante determinados acontecementos sociais.

Temos presenza activa na Internet

Difundimos información a través da nosa páxina web **www.feafesgalicia.org** e temos presenza activa en Facebook, Twitter e Youtube. Tamén contamos cun blog para o Club de Emprego e unha web para a Axencia de Colocación.

Mantemos informados aos nosos subscritores

Quincenalmente, enviamos o **Boletín de Noticias** con información sobre a federación. Temos un **Boletín de Subvencións** dirixido ás entidades federadas e o **Boletín de Saúde Mental** realizado colaborativamente polas asociacións. Este ano, ademais, elaboramos semanalmente un **Boletín Especial COVID-19** entre marzo e xuño.

Sensibilizamos sobre a prioridade de atender a saúde mental

Polo **Día Mundial da Saúde Mental**, participamos na campaña estatal "Saúde mental e benestar: unha prioridade global", coa fin de facer visible a necesidade dun maior investimento en recursos para atender a saúde mental nestes momentos de pandemia.

Conmemoramos os nosos 25 anos

No 2020, Saúde Mental FEAFES Galicia cumpriu 25 anos traballando na defensa dos dereitos das persoas con problemas de saúde mental e as súas familias. Coa irrupción da COVID-19, o acto presencial foi suspendido e as accións conmemorativas adaptáronse ao formato dixital.

Achegámonos aos institutos

Ata o mes de marzo, no marco do programa **Descubre**, achegámonos aos centros educativos para ampliar o coñecemento do alumnado e do profesorado sobre os problemas de saúde mental a través de charlas e actividades participativas.

137
APARICIÓNS EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN

- Xornais e revistas: **51**
- Axencias de noticias: **5**
- Radio: **20**
- Televisión: **12**
- Medios dixitais: **49**

56.157
VISITAS Á WEB

537
SUBSCRICIÓNS AOS BOLETÍNS

102
ESTUDANTES PARTICIPANTES EN ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN

Apoio ao movemento asociativo

Saúde Mental FEAFES Galicia desenvolve accións dirixidas a potenciar a calidade e unidade das súas entidades membro, tratando de mellorar a identidade institucional do movemento asociativo, o seu desempeño como organización, a comunicación interna e a coordinación técnica.

Participamos na elaboración do Plan Galego de Saúde Mental

Achegamos á Xunta de Galicia as nosas aportacións, reflexións e suxestións acerca do Plan Galego de Saúde Mental 2020-2024, que saíu á luz en xuño e cuxa elaboración fora reiteradamente solicitada polo movemento asociativo de saúde mental durante os últimos anos.

Elaboramos un documento sobre o proceso de desescalada

Coa colaboración activa de varias asociacións, elaborouse un documento posteriormente remitido á Consellería de Sanidade baixo o título "Cuestións sobre a reincorporación e apertura de dispositivos: centros de rehabilitación, pisos e residencias".

Presentámonos á licitación dos dispositivos de saúde mental

Durante o ano 2020, saíu a licitación pública a xestión dos dispositivos de saúde mental: residencias, pisos e centros de rehabilitación. A Federación apoiou ás asociacións que o solicitaron na elaboración das súas propostas e na revisión e aclaración de todo o proceso administrativo.

Dimos a benvida a unha nova asociación

O 6 de febreiro de 2020 aprobouse o ingreso da asociación **ASPANEPS** en Saúde Mental FEAFES Galicia. Esta entidade, con sede en Ferrol, está especializada na atención á infancia e á mocidade con problemas de saúde mental.

Melloramos a capacitación do persoal técnico

Aínda que a meirande parte da formación prevista para o 2020 tivo que ser suspendida, realizouse un curso a distancia de 20 horas de duración sobre Coordinación de Voluntariado dirixido á asociación Avelaíña.

Constituímos a Comisión de Garantías

Segundo contempla o noso Regulamento de Réxime Interno, constituíuse este órgano que vela polo axeitado cumprimento dos dereitos e deberes da Federación e das entidades que a conforman.

98 PROXECTOS INCLUÍDOS NO PLAN GALEGO DE SAÚDE MENTAL

107 PRAZAS NOVAS NO PLAN GALEGO DE SAÚDE MENTAL

60 DISPOSITIVOS PRESENTADOS Á LICITACIÓN

1.226 PRAZAS LICITADAS

Incidencia política e diálogo civil

Saúde Mental FEAFES Galicia defende os dereitos das persoas con problemas de saúde mental ante as administracións públicas coa fin de conseguir melloras lexislativas e lograr un aumento do financiamento para proxectos e programas dirixidos ao colectivo.

Incidencia política e diálogo civil

Mantemos unha interlocución coas administracións públicas

Na **Xunta de Galicia**, mantemos unha interlocución permanente coa Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social especialmente, pero tamén coa Consellería de Emprego e Igualdade e coa Consellería de Educación. No 2020, tivemos unha especial participación nas negociacións do Plan Galego de Saúde Mental 2020-2024 e na contratación dos recursos de atención comunitaria en Galicia xestionados polas nosas asociacións.

Por outra banda, temos contacto permanente coas catro **Deputacións Provinciais** e cos **Concellos** nos que actuamos, especialmente A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Vigo.

Traballamos en rede con outras entidades sociais

Fomentamos alianzas con outras entidades do Terceiro Sector que favorecen a consecución dos fins que nos marcamos como colectivo. Neste senso, traballamos activamente en varias entidades de segundo nivel: **Cermi Galicia** (ámbito da discapacidade), **EAPN-Galicia** (ámbito da pobreza e a exclusión social) e **Confederación Salud Mental España** (ámbito da saúde mental a nivel estatal).

Promovemos a participación a nivel interno

O traballo de comunicación e participación interna tamén é fundamental para desenvolver accións coordinadas e fortalecer o movemento asociativo das persoas con problemas de saúde mental e as súas familias, especialmente nun ano coma o 2020 no que a resposta unificada e coordinada ante a pandemia foi de vital importancia tanto para adaptar as nosas actuacións durante o confinamento, como para deseñar o proceso de desescalada en todos os dispositivos do territorio.

Tamén contamos cun **Comité en Primeira Persoa** que dá voz propia ás persoas con problemas de saúde mental creando un foro de ideas e debate. No 2020 contou con 6 integrantes e realizou múltiples accións de sensibilización, participación e loita contra o estigma.

Fomentamos a acción voluntaria

Contamos coa colaboración dun grupo de persoas voluntarias que participan en actividades de tempo libre, accións formativas e de sensibilización.

8 CONVENIOS ASINADOS

13 REUNIÓNS CON ENTIDADES DE SEGUNDO NIVEL

38 REUNIÓNS A NIVEL INTERNO



Resumo de resultados

Accións de difusión

PÁXINA WEB

56.157
visitas

BOLETÍNS ELECTRÓNICOS

537
subscricións

MEDIOS DE COMUNICACIÓN

137
noticias

Atención directa

TELÉFONO DE ATENCIÓN GRATUÍTA

1.630
chamadas

ASESORÍA XURÍDICA

223
persoas

CLUBS DE OCIO

418
persoas

EMPREGO E FORMACIÓN

1.261
persoas

INSERCIÓNS LABORAIS

685
contratos

ATENCIÓN DURANTE O CONFINAMENTO

2.034
persoas

Memoria económica

Ingresos



Administracións públicas	1.941.522,28 €
Entidades privadas	120.414,14 €
Aportacións de usuarios/as ocio	5.383,25 €
Cotas das asociacións federadas	6.700,68 €
Ingresos financeiros	0,00 €
Ingresos inversións en capital	6.638,60 €
Ingresos excepcionais	40,01 €
Total ingresos	**2.080.698,96 €**

Gastos



Persoal contratado	1.178.399,41 €
Transferencias ás asociacións	495.030,43 €
Gastos de actividade e mantemento	266.491,19 €
Gastos de servizos e programas	58.720,42 €
Gastos financeiros	8.270,95 €
Amortizacións	24.406,87 €
Axudas e becas a usuarios/as	29.335,06 €
Cotas ás organizacións de 3º nivel	3.052,02 €
Reintegro subvencións	5.879,88 €
Gastos Xunta Directiva e participación	2.427,97 €
Total gastos	**2.072.014,20 €**

Balance

O 2020 rematou cun resultado final positivo de 2.080.698,96 - 2.072.014,20 = **8.684,76 €**

Finaciadores

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"
UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL
SERVICIO PÚBLICO DE EMPLEO ESTATAL

CONCELLO DE SANTIAGO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Emprego Galicia

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Concello de Lugo

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Deputación DA CORUÑA

DEPUTACIÓN DE LUGO

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Colaboradores

DEPUTACIÓN OURENSE

Concello de PONTEAREAS

Concello de Vilagarcía de Arousa

Fundación María José Jove

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Fundación ONCE
para la Cooperación e Inclusión Social de Personas con Discapacidad

Quérote+

zona OBELISCO
centro comercial urbano

Concello do Porriño

Concello de Viveiro

P.C.M. U.D. U.A.D.
SERVICIO DE DROGODEPENDENCIAS
CONCELLO DE RIVEIRA

talento

CeMIT

TIC LUGO
FUNDACIÓN

FUNGA

GADISA

LUGOSALA

REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL
RFGF

Comisión Territorial
Fútbol Sala

Escuela de Tenis Marineda

concello XINZO DE LIMIA

CONCELLO DE VERÍN
WWW.VERIN.ES

FERROL

AESE

CERSIA empresa

FUNDACIÓN C.E.L.
INICIATIVAS POR LUGO

FUNDACIÓN RONSEL

ciber voluntarios .org

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DEL INTERIOR
SECRETARÍA GENERAL DE INSTITUCIONES PENITENCIARIAS

Concello de Cee

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Escola Universitaria de Traballo Social
Santiago de Compostela

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

UDC Saudable
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade de Vigo

saludmental
incorpora de "la Caixa"

PRONE
PRONE LUGO ASOCIACION DEPORTIVA
INSTALACIONES DEPORTIVAS TERRA

COMPOSTELA S D

REAL CLUB DEPORTIVO LA CORUÑA

fundación celta dvigo

Juntos somos capaces

FUNDACIÓNMAPFRE

Fundación Barrié

//Afundación

CONCELLO DE VIGO

Concello de OURENSE

incorpora de "la Caixa"

incorpora de "la Caixa" Puntos DE FORMACIÓN

Obra Social "la Caixa"

PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO DE GALICIA

FUNDACION mariafranciscade ROVIRALTA

Konecta fundación

Entidades de segundo nivel

confederación SALUD MENTAL españa

REDE GALEGA CONTRA A POBREZA
EAPN GALICIA

CERMI Galicia

EUFAMI

www.feafesgalicia.org
info@feafesgalicia.org
900 102 661

Saúde Mental FEAFES Galicia
Praza Salvador García Bodaño nº 7, 1ºA
15707 Santiago de Compostela
981 942 380

Saúde Mental FEAFES Coruña
Avda. Peruleiro nº 18, baixo esquerda
15011 A Coruña
981 228 135

Saúde Mental FEAFES Santiago
Rúa Belgrado nº 1, baixo
15707 Santiago de Compostela
981 554 395

Saúde Mental FEAFES Lugo
Ronda de Fingoi nº 109, baixo
27002 Lugo
982 254 452

Saúde Mental FEAFES Ourense
Rúa Salustiano Muñoz nº 1, baixo
32001 Ourense
988 601 194

Saúde Mental FEAFES Vigo
Rúa Aragón nº 147
36206 Vigo
986 485 779

SAÚDE MENTAL
FEAFES GALICIA
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA